WIKIPEDIA

Lingua lak

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua lak** (лакку маз, *lakːu maz*) é unha lingua caucásica nororiental que forma a súa propia póla dentro desta familia lingüística. É a lingua do pobo lak, que habita na república autónoma de Daguestán, en Rusia, onde é unha das seis linguas estandarizadas que se falan. Segundo o censo de 2010, é falado por máis 150 000 persoas.

Lak ***лакку маз***	
Pronuncia:	[lakːu maz]
Falado en:	Rusia
Rexións:	Sur de Daguestán
Total de falantes:	150 000 (censo de 2010)
Familia:	Caucásico nororiental **Lak**
Escrita:	Alfabeto cirílico
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Daguestán, Rusia
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	lbe (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=lbe)



Lak

Abrangue cinco dialectos: *ashti kuli, balkhar, vitskh, vikhli* e *kumukh*, que forma a base da lingua literaria lak. Dende finais do século XIX, escribiuse en caracteres árabes; o alfabeto latino foi empregado entre o 1928 e o 1938, e dende entón, en alfabeto cirílico. Antes de que o lak se convertese en lingua escrita, empregaban o árabe. Hoxe é unha das 9 linguas oficiais de Daguestán, malia que non se empregue no ensino (só se ensinou entre 1920 e 1960, dende entón só se ensina en ruso). Tamén ten un xornal *Ilchy* (Luz) e *Tslubarz* (Lúa nova, 1952) que xa non se edita, e unha estación de radio.

O lak foi empregada como lingua literaria por autores como Garun Saidov (1891-1919), xefe da Oficina de Axitación ou Educación Bolxevique en Daguestán, e o primeiro autor dramático en lak, Jussup Khappalajev (1916) con *Estrelas de felicidade* (1950), *Mugutin Sharinov* (1893-1937) con *Shagalai* e *Gabibat i Gadzhijev* (1919), Said Gabiev, Abutalif Gafurov e Abdurahman Omarov.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Gramática lak por Wolfgang Schulze (http://wschulze.userweb.mwn.de/Lak.htm)
- Transliteración do lak (http://transliteration.eki.ee/pdf/Lakh.pdf)
- Lak House – Cultura e sociedade lak (http://www.lakia.net/)
- Palabras lak (https://web.archive.org/web/20110719062742/http://lingweb.eva.mpg.de/cgi-bin/ids/ids.pl?com=simple_browse&lg_id=56)



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua lak***